

## ACRARANDO UNHA MANIOBRA...

20-11-63

A nosa coleitividade ven ouservando con preocupación unha xeira de maniobras e intrigas dun minúsculo seitor, que dificultan a súa laboura e chegan a ofender o seu ben merecido prestixio; acción distorsionadora do que é craro eixpofiente un pasquín que ven desenrolando unha longa campaña de falsedades e calumnias contra o galeguismo orgaizado de Bós Aires e persoalmente contra nós tres.

Viñemos gardando silencio perante todo este tempo porque somos homes conscen-tes e sabemos que soio con aitudes positivas se pode facer unha laboura constructiva. Agardábamos que os verdadeiros responsables de toda esta campaña se chamaran a reali-idade e nun intre de lucidés mental reitificaran a súa censurable aitude. Repetidamente foron invitados ó diálogo cordial por homes probos e serios, alonxados de todo alporiza-mento partidario, pero elo somentes deo azos os seus desafoxos, e xa nunha especie de histeria, perdidas as súas posibilidades no ámbito galego de Bós Aires, caen no deplora-ble extravío de andar tramando unha maniohra divisionista do galeguismo, intentando crear un Consello de Galiza "paralelo".

Diante este lamentable panorama e fracasadas as derradeiras xestións que xentes de boa vontade viñeron facendo con esas persoas, creemos que continuar no noso silencio constituiría unha complicidade coas suas maniobras, pois contribuíríamos a sementar o confusiónismo, no que non estamos dispostos a caer baixo ningún pretexto nin por ningunha condición. Por elo, sin entrar a calificar os feitos e sin sacalos do ámbito galeguista, es-tamos na obriga de informar os irmandiños de todos os antecedentes de esta situación, sin ocultamentos e dentro da máis ausoluta verdade.

Nada diríamos se todas esas maniobras foran somentes a obra irresponsable dos dous ou tres "persoaxes" que dan a cara dende ese pasquín. Para xulgar e censurar fai falta autoridade morale intelectual, e a coleitividade enteira sabe ben que non a teñen. Pero o lamentable é que escudados nesas "persoaxes" andan os tres verdadeiros respon-sables: José Benito Abaira, Manoel Puente e Rodolfo Prada.

E' de domiño púbrico que eles, cos seus ad-lateres, son básicamente os que fi-nancian a publicación dese pasquín, que costa miles de pesos mensuaes; versión que os dous primeiros non desmentiron diante a carta certificada con aviso de retorno que lles mandou Irmandade con data 12 de xunio de 1962, cuia copia acompañamos. En troques esa xente nunca foi capás de encanlar unha axuda económica semellante para periódicos responsables que deben aparecer espaciadamente por falla de recursos, como "Opinión Gallega" ou "A Nosa Terra", nin mesmo cando eles dirixiron este derradeiro, do que soio puderon publicar un número en dous anos de xestión.

Como artífice e principal inspirador de todo este cumio de intrigas e falsedades que se ven verquendo dende fai varios anos, aparece o señor Abaira, ben coñecido de toda a coleitividade pol-a súa capacidade para crear enemistades e desavenencias, coa súa coñecida intemperancia. I-é sifificativo que esta posición do señor Abaira comence a raíz da súa destitución das funcións que desempeñaba no Consello de Galiza, cando despois dunha aitude groseira e desconsiderada co Segretario do Consello diante de persoeiros vascos e cataláns, o señor Antón Alonso Ríos debeu comunicar a súa separa-ción os orgaísmos correspondentes.

Pero veleiqué a relación sucinta dos feitos, para que cada irmandiño poda sacar as súas propias concrusións:

A fins do ano 1958 varios irmandiños, entre os que temos a honra de contarnos, retiráronse da Comisión Direitiva de Irmandade Galega por disconformidade co xeito de aitar dos señores Abaira, Puente e Prada, que sifificaba unha desconsideración reite-rada para os demais irmandiños que compartíamos as tanefas direitivas da entidade, según documenta a aita da xuntanza do día 29 de setembro de 1958. Alonxados das tarefas direiti-vas tivemos o cuidado eiscrupuloso de non interferir na súa función, até o eixtremo de non aceptar invitacións para integrar comisións en importantes entidades da coleitividade, se-

gún poden documentar persoas de longa aituación e recoñecida estima. Levados pol-a nosa inqueda de facer algo a prol dos nos ideaes, adicámonos a editar o boletín "LOITA", que era enviado eiscrusivamente a persoas residentes en Galiza e noutros países da emigración, e ahí están todol-os números editados a disposición dos que desexen comprobar que en ningún deles hai a máis pequena interferencia na súa laboura, nin tan siquera a máis lixeira censura.

Pasan así varios meses de inoperancia de Irmandade Galega (duas aitas de xuntanzas dende maio de 1959 a setembro de 1960), nos que nin siquera envía representantes a Comisión Intersocietaria, facilitando así que certo elemento chegara a manexala en proveito eiscrusivo de unha ideoloxía alleeira. Diante esta situación e das queixas de destacados persoeiros de importantes entidades pol-o abandono en que tiña caído Irmandade na súa función orientadora, según documenta a aita do 14 de setembro de 1959, siñada pol-o propio Abreira, despois dunha asamblea con un longo cuarto intermedio no que eles non foron capaces de artellar unha xunta, aceptamos voltar a integrar a Comisión Directiva.

Casi simultaneamente, por feitos circunstanciaes e de carater eistrictamente persoal, nos que ten moito que ver a destitución de Abreira das súas funcións no Consello de Galiza, eses mesmos señores tratan de argallar unha xuntanza de ex-presidentes de Irmandade Galega, convocados sin anticiparlles o motivo, co propósito de darlle unha base leguleya a súa teima de disolver o Consello, pol,-o soio feito de que xa o non poden controlar. Fracasada a xuntanza e fracasado o seu propósito, o Consello de Galiza reistrúrase en base a normas democráticas que elimiñan o manexo discrecional que eles viñeran exercendo, e aínda cando toda a colexividade, nunha recordada asamblea, coincide na necesidade de manter e apoiar un orgaísmo superior, i-eles son reiteradamente invitados a integralo nun ausoluto pe de iguadade, non deixan de pór tanta dificultade poden no camiño de integración iniciado pol-o Consello, como se pensaran que a colexividade non funciona se eles non a manexan. Persoalmente confesamos non haber tido parte na iniciativa de reistructurar o Consello de Galiza, nin na súa ruptura co grupo Abreira - Prada - Puente, se ben cando fomos consultados manifestamos sin reservas a nosa opinión de que era indispensable facer dele un corpo de ampria base democrática, opinión que viñamos repetindo dende facía máis de dez anos e que ese grupo de persoas non se atrevía a propiciar pol-o temor de perder o control do orgaísmo.

Fracasados os seus intentos, non soio negan toda axuda a Irmandade, senón que comenza unha campaña sistemática de desprestixio contra os orgaísmos galeguistas e de insultos contra as persoas que circunstancialmente os dirixen. Non importa que reincorporados a Comisión Directiva sigamos a mesma liña de conducta anterga, evitando todo aito que fira sentimentos ou afonde discrepancias, pois eles permañentemente traban a acción da Irmandade, obstaculizando a súa laboura. Foi así como en primeiro termo puxémonos a tarefa de recuperar a Comisión Intersocietaria para a laboura galeguista e logramos evitar que baixo o seu patrocinio se reaizara un aito xa programado coa intervención de un elemento tan antigalego como Ximenez de Asúa, pero eles, verdadeiros responsables desa situación por haberse desentendido de tan fundamental tarefa, bótanse xa a decir que non se fai nada e de que nos entregamos os desíños da Federación.

A raíz da conferencia de Liño Pérez na Casa de Galicia convócase a unha Asamblea Xeral para analizar a situación, a que non concurre ningún deles, pero en troques críticase que Irmandade desinara dúas persoas para constatar directamente os termos da conferencia e axudan a trabar a laboura de artellar un gran movemento de oposición antifranquista da colexividade a traverso da Aición Democrática Galega.

Cando se orgaíza un gran movemento de repudio contra as maniobras entreguistas no Centro Galego, eles axudan a dificultar a reacción da colexividade porque non a poden capitalizar no seu proveito persoal, chegando a atacala nun periódico que dirixe un deles. Nembargantes que Irmandade toma medidas inmediatas contra Liño Pérez e Rivadulla pola súa intervención nesas maniobras entreguistas, eles afirman despectivamente que o galeguismo caeu na inoperancia e que toleramos situacións inaceptables.

Cando Cupeiro no banquete a D. Daniel Calzado asinala as grandes tarefas que esperan o apoio de filántropos e mecenas, lamentando de paso a demora da aparición

da Historia de Galiza, que agardábase dende 1951, preséntano como un ataque resentido contra o señor Puente, prodigándose en insultos contra o ourador i-en xuízos despectivos contra os orgaísmos galeguistas.

Non podía faltar tampouco a acusación de que somos comunistas — a pesares da notoria evidencia da nosa posición política —, non deixando de ser pavelo que sexan precisamente eles tres os que lancen esa acusación, namentras que non fai tantos anos, sendo segretario da Federación de Sociedades Galegas o señor Xerardo Díaz, ben coñecido pol-a súa posición anti-galega e aínda máis, eles andaban do ganchete con esas xentes en percura dunha fracasada candidatura para a Presidencia do Centro Galego, xustamente cando dende "A Nosa Terra" nós estabamos loitando contra a campaña que o señor Cayón e a súa comisión de prensa desenrolaban dende o órgao da Federación, ó servizo do máis acedo centralismo e a máis alleeira ideoloxía.

Proba concluínte do aspecto calumnioso desa campaña de descreto contra o galeguismo está nórdicamente amostrada no infundio verquido derradeiramente, cando se afirma descaradamente que o señor Puente rechazou o Premio Castelao 1963 e diante o desmentido do Consello de Galiza na prensa metropolitán, na audición "Recordando a Galiza" e nos comunicados as entidades, os implicados non se sinten na obriga moral de desvirtuar o infundio ou aportar as probas de tal ofrescemento. Peor aínda, no derradeiro número do pasquín dise abertamente que os señores Abreira, Prada e Puente son as fontes de información que lles deron esa "noticia".

Pero moito máis censurable é a aitude deses señores que veñen maniobrando co propósito de chegar a constituir un Consello de Galiza "paralelo", cecais en Nova York, onde non hai unha coleitividade galega numerosa ou caracterizada, nin siquiera unha entidade de verdadeira inspiración nacional galega, que respalden e xustifiquen tal creación. Non discuten pois a necesidade ou comenencia de contar con un Consello de Galiza como orgaísmo superior que artelle o noso movemento político. Non; é a súa aspiración egocéntrica de ser eles os que controlen con carácter exclusivo o tal orgaísmo, e a falta dun Consello en sí, contentaríanse con unha simbólica "delegación" que manexen na trasa, aínda que elo siñifique un divisionismo e unha traición os ideaes galeguistas.

Todo carece de valor para eles, homes e ideaes, se non responden os seus desíños. Así vemos a José Benito Abreira treicionar a Agrupación "A Terra", que o levara ó cárrego de vocal no Centro Galego, para caer no campo propicio das intrigas, ó que é tan afeito, complicándose na maniobra de desfiar ó falanxista Joselín como xurado dos concursos literarios do Centro Galego, constituíndo o seu fracaso nese cárrego unha proba irrefutable da súa incapacidade para facer nada orgánico e da súa manía inveterada de acuñar frases. Ele tamén é un dos responsables directos e principais de embarcar a coleitividade galega nos canles perigosos da política nacional, facilitando con pretextos valeiros a realización de banquetes a un ministro de interior e a un director de emigración, como se fora todo un importador de emigrantes. A coleitividade galega, que ten o honor de haber resistido todol-os intentos de penetración por intereses alleos, que ten gañada a súa independencia definitiva de interferencias alleas, sean elas hespañolas ou de outra orixen, que fixo respetar esa prescindencia até na xeira da última dictadura, dando un exemplo non igualado de firmeza e de civismo, veu con asombro e desconcerto o incalificable trafego de esos señores que xogaban co seu prestixio.

Facendo telón de fondo a todas estas intrigas e desaforos, o señor Rodolfo Prada, dende un periódico cuia dirección exerce virtualmente, adícase a unha laboura derrotista, facenda gabanzas sin precedentes de persoas amigas e silenciando oustinadamente todo o acontecer do galeguismo orgaizado. Así, no número 206 de ese periódico o señor Prada iñora olímpicamente o aito orgaizado pol-a Comisión Intersocietaria no Panteón do Centro Galego co gallo do cabodano da morte de Castelao. Cando ele fala no aito orgaizado en celebración do centenario da prubricación de "Cantares Gallegos", iñora a entidades galeguistas como Irmandade, Consello de Galiza e Fillos de Gallegos, que se adhíren con ofrendas froraes e cuos afiliados constitúen a coase totalidade do auditorio, aitude que repite cando no seguinte número dese periódico sigue iñorando esa circunstancia, a pesa-

res de que entranto houbera unha xuntanza do Presidente e Segretario de Irmandade cos seus colegas das entidades que editan o periódico, na que despois de analizar eses desvíos fixérase o propósito de evitar esas situacións, todo o que foi posto en coñecemento do causante deses feitos.

Baixo a dirección do señor Prada ese periódico atacou tamén a campaña desenvolvida contra as maniobras entreguistas no Centro Galego, a que estaban sumados os dous centros que editan esa publicación, pero parellamente non se ten reparo en loubar a algún dos principais responsables do agasallo a Lojendio no Centro Galego.

Nos lamentamos moito que don Manuel Puente se vexa mesturado nestes feitos, nos que coidamos ten caído por non saber diferencias entre amizades persoales e traetorias políticas. É certo que nunca rescibimos dele o máis pequeno estímulo nin a máis modesta colaboración para "A Nosa Terra" a traveso dos moitos anos da nosa situación na Irmandade, pero nós sumaríamos gustosos o noso agradecemento ó respecto e admiración que tería rescibido de todol-os galeguistas pol-a súa colaboración económica nas grandes tarefas culturais e patrióticas que ten a nosa Patria por diante. Lamentablemente non foi así e tense embarcado nunha acción negativa e aínda destructiva, aparecendo directamente mesturado en maniobras tan censurables como a súa "interview" no pasquín de referencia.

O galeguismo non recoñece patróns, por moita que sexa a súa fortuna material ou intelectual, senón homes de boa vontade que colaboren nas distintas esferas e nas distintas labours a reaización da grande tarefa nacional. Castelao contaba de cote como eixeiro de disciplina e espírito constructivo, a forte censura que tivera de aguantar das autoridades do galeguismo co gallo dunha situación súa nas Cortes de Madride. Nós non queremos convertirmos en censores nin en autoridades máximas; soio asinalamos ese eixeiro proceder dun home de proeicións tan eixtraordinarias como Castelo, para que sirva de lección para todos. No galeguismo, repetimos, non hai patróns nin afiliados de primeira ou segunda clase. Todos somos irmáns e nunha irmandade ideal, con procederes absolutos e permañentemente correctos, sin postergacións nin primacías, temos moitas arelas comúns que nos xungen e nos identifican.

Veleiqu' en grandes liñamentos os antecedentes da doorosa situación que vive o movemento galeguista de Bós Aires, que perante todos estes anos estivemos silenciando, esperanzados en que se impuxera o bon senso. Nós podemos discrepar, e discrepamos evidentemente, dos procedimentos seguidos de cote por ese grupo, pero sempre consideramos esas circunstancias como problemas internos da Irmandade e circunscríbimolos ó seu ámbito, gardando sempre para os homes os respetos que merece a amizade ou a camaradaxe de ideais. Se hoxe poñemos en coñecemento dos irmandiños estes antecedentes, con probas irrefutables que abalan as nosas verbas, é porque desexamos evitar no posible a confusión que se anda a sementar. Unha arela única anima a nosa situación e a corrección dos nosos procederes, cal é o prestixio do galeguismo e dos seus orgaísmos, e nese senso, podemos dicir, modestia aparte, que en ningún intre houbo meirande cordialidade coas entidades galegas afíns, que nun verdadeiro pe de igoaldade ven respeitadas a súas persoalidades e saben que contan sempre coa colaboración entusiasta e cordial do galeguismo en total-as tarefas a prol da Terra.

Non queremos engadir máis por esta vegada. Coidamos que nos asiste toda a razón, pero lonxe de nós o orgulo de ser infalibles. Sí a seguranza de ser insobornables nos nosos principios e de non saber transar con situacións que desdican dos ideais de irmandade que profesamos.

Bós Aires, 20 de novembro de 1963.

BIEITO CUPEIRO

MOISES DA PRESA

MANOEL PEDREIRA